

CONSIDERACIÓNS FINAIS

É lóxico que un estudio sobre a educación primaria, e coas características deste, elaborado ademais a modo de informe sobre a situación xeral e análise por sectores implicados, remate facendo algunhas consideracións a ton cos datos, e mesmo coa abordaxe investigadora que informa a realización do traballo.

Na nosa opinión, tendo en conta o obxectivo fundamental deste informe, o percorrido realizado pola educación primaria no noso país é suficientemente extenso e intenso. Precisamente por iso, non queremos alongar excesivamente a atención lectora, nin tampouco correr o risco de reiteracións innecesarias respecto do que se di e do que xa tivemos ocasión de salienta en cada unha das partes e capítulos de que consta o traballo.

Centremos, xa que logo, estas consideracións finais en puntos que entendemos, no marco deste equipo de estudio, como especialmente axeitados nunha perspectiva de conxunto sobre o que hai, o que se percibe que hai –visto polos mesmos protagonistas do que acontece nos recintos escolares-, e o que cómpre reforzar, ou aínda coidar desde agora, na educación primaria que se ofrece á cidadanía deste país.

Desde logo, non están, nin sería realista pretendelo, tódalas consideracións e recomendacións que poderían ser susceptibles de seren incluídas en relación con cada apartado, grande ou pequena, ou mesmo en relación con cada aspecto nuclear que o coñecemento dispoñible, tanto aquí como fora de aquí, recomenda vencellar á mellora deste nivel de ensino.

O Informe non pode dicilo todo, nin marcalo todo no senso de establecer con exhaustividade as eivas e lagoas no funcionamento do sistema. Tampouco sería procedente pretender deste tipo de esforzos investigadores un relatorio de medidas explícitas a seguir polos responsables políticos na súa toma de decisións. Facer isto sería tanto como afirmar, implícita e perigosamente, a equivalencia entre tipos de racionalidade que son nomeadamente diferentes á hora de enfocar e, sobre todo, de operativizar canles de solución ós problemas.

A intencionalidade do informe ten que ver coa metodoloxía empregada na súa realización. Describe unha situación, a do ensino primario, nun marco de referencia social e culturalmente concreto. Permite ollar o acontecido nos derradeiros anos e centrar a nosa mirada, responsablemente crítica, no que temos acadado, tentando de albiscar estratexias de enfrontamento para os novos desafíos que están asomando pola fiestra desta sociedade dixitalizada na que a realidade nos sitúa. Pode que a utilidade do que se fixo radique precisamente nisto: compren-

der ónde estamos, avaliar necesidades, e identificar aqueles retos principais que a curto e medio prazo obrigarán a pensar e prever recursos suficientes.

Tal é o sentido e a pertinencia destas consideracións finais que xa sometemos a consideración e, se fora o caso, complementación, por parte do Consello Escolar de Galicia. Sendo a axencia promotora do traballo, a ela e ós seus membros lles corresponde agora a palabra.

Sexa a nosa primeira referencia á cuestión lingüística. Sabemos da importancia que ten o ensino primario no proceso de normalización dun idioma, xa que é nesta etapa onde é preciso extremar o coidado dos usos lingüísticos, sintáctica, semántica, e pragmaticamente falando, amén de incidir na formación ou cambio de actitudes sobre a lingua, tanto no ensino directo, na comunicación interpersonal entre os distintos sectores, e na relación coa comunidade.

O profesorado consultado manifesta un nivel importante de emprego da lingua galega nas súas clases, debuxando un panorama de case equilibrio, poderíase dicir, co emprego do castelán. Pero a situación no caso do alumnado semella un tanto descorazonadora. As persoas que leron este informe ata chegar a estas “consideracións finais” son testemuñas dos datos e do seu tratamento científico. Recapitulemos un só apuntamento: mentres o castelán como lingua materna supera en dez puntos ó idioma galego, estas diferencias acentúanse no contexto educativo, pois os estudantes manifestan falar normalmente en castelán cos seus compañeiros (65%), cos seus profesores e profesoras (55%), e mesmo cando se dirixen a outras persoas do centro escolar (60%), superando en tódolos casos, en máis de 20 puntos, o emprego da lingua galega.

A situación é realmente inquietante, na nosa modesta opinión. E por iso nos permitimos insistir na necesidade de redobrar esforzos planificadores en diferentes sectores. Tampouco se pode dicir que o problema sexa de agora mesmo, cando estudos de grande alcance veñen dicindo isto fai tempo, e aínda máis, que o descenso de uso do galego en colectivos tan significados como os adolescentes e xoves é un feito difícil de negar entre nos.

De tódolos xeitos, está demostrado que as actitudes son mellores cando se fala máis galego e se declara ter mellor nivel de competencia na escritura. Ademais, como se dicía non hai moito “a actitude mellora segundo descendemos na escala de idade consonte se incrementa a destreza para a escritura do galego” (Real Academia Galega, 1996, p. 72). Sen embargo, estudiadas as tendencias xeracionais mozos e mozas-pais e nais-avós e avoas “constátase unha diminución progresiva do galego como lingua habitual a medida que descende a

idade dos suxeitos” (Real Academia Galega, 1995, p. 49). Cremos que estes son datos a ter presentes na formulación de obxectivos cara a optimiza-lo uso da lingua galega nos vindeiros anos nos centros de educación primaria.

No estudio efectuado constátase o maior uso do galego nos centros públicos de primaria que nos de titularidade privada. Aínda que as razóns se sitúen no meirande influxo negativo sobre a lingua dos contornos urbanos, xustamente por iso, volve a poñerse de relevo a necesidade da planificación, coas medidas oportunas e o cumprimento das normas previstas, co fin de poder contar con indicadores periódicos e suficientemente fiables da situación pola que atravesamos a lingua galega, dentro e fóra do sistema educativo.

Un aspecto, sempre nuclear, na dinámica histórica do ensino primario en calquera sociedade atinxe ó profesorado e á súa formación e cualificación profesional, tendo moi presente as finalidades educativas e, por suposto, o sentido da habilitación persoal que recomenden as circunstancias. A meirande parte do profesorado de primaria é consciente do que comporta exercer a docencia e ser un profesional do ensino no nivel formativo por excelencia, xermolo de moitas posibilidades no progreso multidimensional do alumnado. Por iso, é preciso insistir na importancia de coidar os factores e procesos que afectan á motivación das profesoras e profesores, tanto en xeral como no que atinxe á súa formación. Potenciar algún tipo de “observatorio” sobre os niveis de satisfacción, ou de frustración e desánimo co que, no seu caso, poden estar a desenvolver as súas funcións as nosas profesoras e profesores de ensino primario, contribuirá grandemente a conseguir máis calidade e compromiso por parte dos profesionais

Nunha conxuntura de cambio como a que mobiliza os recursos da sociedade galega nos últimos anos, os obxectivos hai que situalos naquilo que favoreza o logro dos mellores propósitos da reforma. Non cabe dúbida de que a situación mellorou. Pero non deberíamos admitir ningún triunfalismo demagóxico. Temos que dar soporte a un tipo de profesor con competencias cognitivas, metodolóxicas e actitudinais susceptibles de permitirlles axudar ós seus alumnos e alumnas a acadar os obxectivos de etapa. Neste senso, antes de falar de modalidades e de recursos para a formación continuada sería necesario defende-la necesidade de que tal formación complementa á formación inicial en non poucos casos, de xeito que contribúa á preparación do profesorado no momento en que máis o precise. Sobre todo tendo en conta que a baixada de alumnos que experimenta a escola primaria ten repercusións directas no número de unidades dos centros públicos no medio rural, comportando este feito cambios no catálogo de postos de traballo nos centros (implicando en ocasións a súa conversión en “colexios incompletos”).

Hai que potenciar as actividades de formación do profesorado ligadas a proxectos de innovación e desenvolvemento curricular, sobre todo en relación coas estratexias e procedementos de traballo nas aulas de clase. Segundo se desprende do propio estudio, confirmando conclusións de importantes aportacións sobre o tema, segue predominando un tipo de interacción caracterizado polo traballo individual do alumno e as explicacións do profesor. Poderíase dicir, polo tanto, que as técnicas e estratexias de aprendizaxe cooperativo, favorecedoras da interacción entre iguais e dunha máis solidaria xestión do éxito escolar, continúan sen acadar o lugar que teñen que ocupar na configuración dun currículo de calidade para o ensino primario.

No marco explícito das actuais necesidades, parécenos importante destacar, dado o escaso número de alumnos e alumnas en moitos dos nosos centros públicos de ensino primario, que os profesores e profesoras especialistas nas áreas previstas pola LOXSE poidan chegar a contar con habilidades que ben puidesen corresponder, coa debida licencia, a un tipo de profesor xeneralista ou, noutros termos, profesora ou profesor de ensino primario en xeral. Na mesma liña, o feito de completar a formación dos xeneralistas con algunha especialidade LOXSE podería axudar ó logro de profesores e profesoras, perfectamente capaces de activar procesos de intervención pedagóxica acordes coa calidade que se demanda.

Feita esta consideración, non se precisa insistir demasiado na expresividade da relación que conleva, tal como están as cousas por estes lares, cunha formación inicial do profesorado de primaria, ámbito no que podemos chegar a pagar caro unha escasa atención á formación de xeneralistas. E alén disto, pero non á marxe da cuestión, a superación positiva da polémica entre xeneralistas *versus* especialistas no ensino primario xurdido da LOXSE axudaría a diminuír o desacougo asociado ó tema.

Tema senlleiro no diagnóstico e avaliación do noso ensino primario, conectado como poucos ó exame da calidade que estamos en condicións de amosar, é o da función orientadora nestes centros educativos. Non se pode negar a mellora dos últimos anos respecto da deficitaria situación que tiñamos, e que aínda arrastramos. Por iso é necesario aumenta-lo ritmo de dotación do posto de xefe do departamento de orientación nos centros de educación primaria en Galicia.

De tódolos xeitos, o que importa realmente non é tanto a existencia deses postos, senón vale a función dos mesmos departamentos na práctica, e tamén a

coordinación cos centros de secundaria, tal como se determina no marco legal que rexe. Quizais por iso, tense apuntado con bo sentido educativo, que vale destes departamentos debería ser o de animar unha certa revolución na vida cotiá da escola. De feito, as súas funcións están dirixidas, en parte, a fornecer o desenvolvemento profesional dos docentes en ámbitos tan dignos de ser salientados, precisamente na educación primaria, como o da titoría do alumnado.

A potenciación de plans de acción tutorial ligados ó currículo suporía un edificante revulsivo pedagóxico. Simplemente chega con que nos decatemos, definitivamente, da transcendencia que teñen as habilidades sociais, comunicativas, de vida, de coñecemento propio e recoñecemento dos outros, etc. no mundo actual, presidido polo impacto das novas tecnoloxías da información. Como en todos, pero particularmente neste eido da acción educativa, os docentes deben sentir todo o apoio posible desde a dirección, administracións, e familias, pois a cualificación sen motivación pouco resolve. Por iso, o que marca a diferenza é a disposición a revisar e a cambiar, cando faga falta, os plans que se formulan para os centros, adaptándoos ás características socio-culturais do contorno no que se sitúan as escolas.

Cómpre subliñar tamén que a integración do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios de primaria ten lugar nos centros públicos nunha proporción superior á que lle debería corresponder. Máis do 84% do alumnado afectado de plurideficiencias, discapacidade e trastornos de personalidade son escolarizados en centros públicos. Xa que logo, habería que promover algúns cambios nas normas básicas que regulan o dereito á educación, de tal xeito que, a partir deses cambios, as administracións educativas quedasen obrigadas a proporcionar os medios necesarios ós centros concertados para atender este tipo de alumnado.

O uso de novas estratexias didácticas está sempre condicionado pola dotación de materiais. Neste senso, sen renuncia expresa a que o libro de texto siga sendo preponderante no traballo escolar, convén aumentar o uso dos materiais manipulativos, instrumentos para a educación musical, medios audiovisuais, etc.; todos eles favorecen que os alumnos e alumnas acaden maior número de destrezas e habilidades das que se poden abranguer só co uso dos materiais tradicionais, que inciden, basicamente, nas conductas lecto-escritoras. Así mesmo, é necesario reforzar a dotación de materiais novos nos centros, sobre todo equipos informáticos, pensando nas posibilidades que ofrecen en moitas facetas do ensino primario (actividades motrices, lingüísticas, plásticas, matemáticas, etc.).

En poucas palabras, parécenos que o eixe da cuestión, formulado ó fio do debate actual sobre a gratuidade dos libros de texto nas escolas de ensino obrigatorio en Galicia (debate no que non debemos entrar), probablemente haxa que buscar a solución na efectiva dotación ós centros deste outro tipo de materiais, consoantes coa orientación habilitadora que a situación esixe para as novas xeracións. De aí a importancia de consolidar cadros de profesores e profesoras, suficientemente formados para unha axeitada utilización deses recursos, o que pode axudar a elevar a motivación dos alumnos e alumnas e a facelos, gradualmente, mellores xestores da súa propia aprendizaxe.

Apréciase un considerable cambio nas técnicas e instrumentos de avaliación das que se vale o profesorado, en detrimento das tradicionais probas escritas, e a prol doutras máis analíticas do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado (análise de tarefas, observación,..). Aínda así, queremos facer fincapé na necesidade de acelerar a consolidación desa tendencia no camiño de lograr uns procesos avaliativos con claro predominio do seu carácter formativo, de xeito que se poidan optimizar os procesos e os resultados da intervención educativa e pedagóxica, adaptando en cada momento a programación ó estilo e ritmo de aprendizaxe, e mesmo do rendemento discente, tratando así de evitar a aparición de dificultades, ou trazando e poñendo os remedios oportunos, se xa teñen aparecido, a través do reforzo educativo ou das pertinentes adaptacións curriculares.

Complementando o que xa quedou dito cando referimos a análise cualitativa, centrada na opinión dos distintos sectores sobre os factores que condicionan o funcionamento dos centros, podemos sintetizar a evidencia dispoñible sobre algunhas coincidencias e diverxencias. Polo que atinxe ás primeiras, e como era esperable, resultan máis próximas entre si as perspectivas do profesorado e directivos, por un lado, e as de pais e nais e alumnos e alumnas, por outra. En termos xerais, ou sexa, vendo globalmente tódalas opinións, os factores que se teñen por fundamentais á hora de avaliar o funcionamento axeitado dun centro de primaria aluden á coordinación e colaboración entre os axentes implicados, sen deixar de lado a dotación e mantemento dos recursos e servicios principais.

En canto ós factores que se perciben como entorpecedores do bo funcionamento dun centro, hai consenso global respecto dos recursos. A mención das carencias, e/ou do estado deficitario das instalacións, aglutina unha porción maioritaria das expresións recolleitas no proceso de investigación, desenvolvido en contacto directo coa realidade dos centros. Pero non foi moito menos con-

tundente a mención da colaboración activa entre tódolos membros da comunidade educativa.

Posto que a participación da comunidade educativa na xestión dos centros ten lugar a través dos consellos escolares, non parece bo sinal a pouca confianza que manifestan bastantes docentes respecto do seu funcionamento e utilidade colaborativa. É necesario poñer isto en relación coas críticas dirixidas ó profesorado por asociacións de pais e nais. Así pois, non pode haber mellor recomendación que a de dar pulo, desde as administracións, pero tamén desde os sindicatos e movemento asociativo en xeral, a unha cultura da colaboración mellor artellada entre os sectores con máis influxo na educación dos rapaces. Resulta imprescindible, xa que logo, promover actuacións e incentivar o uso de estratexias cooperativas entre os membros da comunidade educativa.

A ocasión é bastante propicia para non pasar con pés dela sobre algo que segue aumentando en importancia estratéxica, dada a marcada tendencia descentralizadora no sistema educativo. Referímonos, naturalmente, á relación entre os centros de primaria e a comunidade. Parécenos que a estas alturas, os concellos galegos, como poderes públicos locais, teñen que dar pasos sólidos na asunción das súas responsabilidades en materia educativa, como é o caso nalgúns sistemas educativos de países desenvolvidos.

Creemos que os concellos poden propiciar a dispoñibilidade de espazos e instalacións, dedicadas a nenos e adultos, con vistas ó mellor aproveitamento do tempo de lecer, entretemento, xogo, deporte e cultivo de distintas afeccións. Sen esquecer, nesta dirección, a oportunidade que isto representa de cara a poder vertebrar unha mellor colaboración cos centros escolares de ensino primario, e coas asociacións de pais de alumnos para que estas se sintan verdadeiramente apoiadas no deseño e organización, conxuntamente coa escola, de actividades de distinta natureza. E tampouco debe quedar fóra desta alusión concreta a importancia de pensar, planificar e, se é o caso, poñer en marcha de xeito cooperativo (dirección-docentes-pais e nais-concello) a xornada única, alí onde fora obxecto de opción maioritaria, democraticamente acordada segundo manda a normativa vixente.

Outro tema que parece condicionar a dinámica dos centros de ensino primario na nosa comunidade autónoma non é alleo ós servizos que proporcionan á cidadanía e, de xeito explícito, ás familias. Preocúpanos o que pasa co servizo de comedor nos centros públicos, fundamentalmente nas cidades e núcleos urbanos máis poboados. O noso criterio é favorable a que tales centros, con

independencia de que se trate de centros locais ou comarcais, teñan servizo de comedor. Do contrario, pais e nais que demandan ensino público continuarán véndose na obriga de enviar os seus fillos a centros privados, que si ofrecen este servizo. Todos somos conscientes de como esta situación ten obrigado a moitas asociacións de pais e nais a resolver un problema, que está inexorablemente ligado á igualdade laboral de homes e mulleres no tempo presente e futuro.

Sen apartarnos desta relación que estamos a referir, ó longo destes meses de traballo puidemos detectar que a comunicación entre os centros e as familias segue discorrendo por canles bastante convencionais, por non dicir tradicionais. Ten como punto practicamente único a información sobre a marcha académica da filla ou fillo a través da correspondente titora ou titor.

Desafortunadamente, non se amosa moito interese por entrar nunha dinámica de traballo compartido co fin de abrir novas posibilidades dos centros escolares, sobre todo á vista do que ocorre no noso medio rural, como instancias de convivencia e aprendizaxe cívica, introducción ás novas tecnoloxías da información, extensión socio-cultural, formación laboral e ocupacional, por non dicir máis que algunhas das que se inclúen e afirman con forza nos enfoques que teñen formulado, previa análise do territorio, as vantaxes dun aproveitamento integral ou, se así se prefire, de maior rendibilización social das escolas.